



**CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO**

RESUME DOS ACORDOS DO PLENO DO CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2015.

1.- Aprobación das seguintes actas:

- a) Sesión extraordinaria, en substitución da ordinaria do mes de agosto, do día 30 de xullo de 2015.
- b) Sesión extraordinaria urxente do día 12 de agosto de 2015

Aprobáronse por asentimento unánime, coas observacións feitas polo Sr. García Tejerina.

2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno e, en especial, dos seguintes decretos:

- Núm. 5474, de 14/08/2015, de nomeamento de membros da xunta de goberno local.
- Núm. 5475, de 14/08/2015, de nomeamento de tenentes de alcalde.
- Núm. 5476, de 14/08/2015, de delegación de competencias na xunta de goberno local e nos concelleiros/as membros da mesma.
- Núm. 5587, de 20/08/2015, de constitución e designación de voceiros.
- Núm. 5588, de 21/08/2015, de delegación de competencia presidencia comisións en concelleiros.
- Núm. 5637, de 24/08/2015, de delegación de competencias presidencia comisións en concelleiros.
- Núm. 5572, de 28/08/2015, sobre as áreas de goberno.
- Núm. 5773, de 28/08/2015, sobre a determinación e composición das xuntas de área.

O Pleno do Concello dáse por enterado.

3.- Posta en coñecemento do acordo da xunta de goberno local de 20 de agosto de 2015, de delegación de competencias da xunta de goberno local nos seus membros.

O Pleno do Concello dáse por enterado do acordo da xunta de goberno local de 20 de agosto de 2015, de delegación de competencias da xunta de goberno local nos seus membros.

4.- Escrito de dona Flora Moure Iglesias comunicando a súa integración no grupo municipal do Partido Popular.

O Pleno dáse por enterado do escrito e dona Flora Moure Iglesias de 14 de agosto de 2015 no que comunica a súa integración ao grupo municipal do Partido Popular no Concello de Ourense.

5.- Posta en coñecemento dos escritos do grupo municipal do Partido Popular comunicando a adscrición de dona Flora Moure Iglesias a dito grupo e a súa adscrición á Comisión de Pleno.

O Pleno do Concello dáse por enterado dos escritos do grupo municipal do Partido Popular comunicando a adscrición de dona Flora Moure Iglesias a dito grupo e a súa adscrición á Comisión de Pleno.

6.- Posta en coñecemento do escrito do grupo municipal do Partido Popular de nomeamento de portavoz e portavoces-adxuntos.

O Pleno do Concello dáse por enterado do nomeamento de portavoz e portavoces adxuntos do grupo municipal do Partido Popular.

7.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de xullo de 2015.

O Pleno do Concello dáse por enterado.

8.- Parte resolutiva.

8.1 Resolución de alegacións na modificación puntual de ordenación urbana no ámbito Chavasqueira-Couto, para o cambio de uso de dúas parcelas no solo urbano consolidado. Expte. Planeamento Urbanístico 2012007901.

O Pleno do Concello, por unanimidade, adoptou o seguinte ACORDO:

Apoiar as alegacións tendentes a impedir a construción dun crematorio no Couto-Vistahermosa e A Chavasqueira e, en consecuencia, archivar a modificación puntual de ordenación urbana no ámbito Chavasqueira-Couto, para o cambio de uso de dúas parcelas no solo urbano consolidado.

8.2 Moción do grupo municipal de Democracia Ourenzana para a elaboración dunha nova relación de postos de traballo (RPT).

Exposición de motivos:

A Relación de Puestos de Trabajo del Concello de Ourense, no está actualizada (por usar un eufemismo). La realidad, es que no sólo no guarda relación con las necesidades reales del



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Concello, sino que está falseada ya que decenas y decenas de trabajadores realizan una labor distinta a la que les correspondería.

Urge una ordenación del personal, donde se identifique a cada trabajador con las necesidades del servicio, simultáneamente con un detalle de requisitos para que se desarrolle la labor de cada puesto de trabajo.

Una RTP que se precie, no puede obviar una correcta denominación, unidad, centro de trabajo, nivel, complementos justificados de destino y otros específicos, jornadas, etc..., así cómo particularidades entre funcionarios y laborables.

Por todo ello, sometemos a votación del pleno el siguiente acuerdo:

Propuesta:

Que se convoque urgentemente una reunión de los grupos municipales, para que estos supervisen y procedan a disponer, que antes de 60 días quede modificada y actualizada una nueva RTP en el Concello de Ourense, totalmente actualizada, y donde se cumpla estrictamente cada designación.

Emenda de substitución presentada polo grupo municipal de Ourense en Común:

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

TEXTO INICIAL:

Que se convoque urgentemente una reunión de los grupos municipales, para que estos supervisen y procedan a disponer, que antes de 60 días quede modificada y actualizada una nueva RTP en el Concello de Ourense, totalmente actualizada, y donde se cumpla estrictamente cada designación.

MODIFICACIÓN:

Que se convoque urxentemente unha reunión dos grupos municipais, para que estes supervisen e procedan a dispoñer, que **o antes posible** quede modificada e actualizada unha nova RTP en el Concello de Ourense, totalmente actualizada, e onde se cumpra estrictamente cada designación. **Na elaboración da mesma, contarase coa participación dos empregados públicos, a cidadanía e o equipo técnico.**

NOVA REDACCIÓN FINAL:

Que se convoque urxentemente unha reunión dos grupos municipais, para que estes supervisen e procedan a dispoñer, que **o antes posible** quede modificada e actualizada unha nova RTP en el Concello de Ourense, totalmente actualizada, e onde se cumpra estrictamente cada designación. **Na elaboración da mesma, contarase coa participación dos empregados públicos, a cidadanía e o equipo técnico.**

Emenda de modificación presentada polo grupo municipal do Partido Popular:

EMENDA DE MODIFICACIÓN:

TEXTO INICIAL:

1.- Que se convoque urgentemente una reunión de los grupos municipales, para que estos supervisen y procedan a disponer, que antes de 60 días quede modificada y actualizada una nueva RTP en el Concello de Ourense, totalmente actualizada, y donde se cumpla estrictamente cada designación.

MODIFICACIÓN:

1.- Impulsar a continuación para a elaboración e aprobación dunha nova Relación de Postos de Traballo (RPT), á maior brevidade posible, adaptada ás necesidades actuais de todos os servizos municipais, coa correspondente consignación orzamentaria. Deste proceso daráselle puntualmente e de forma rigorosa información aos grupos municipais.

NOVA REDACCIÓN FINAL:

1.- Impulsar a continuación para a elaboración e aprobación dunha nova Relación de Postos de Traballo (RPT), á maior brevidade posible, adaptada ás necesidades actuais de todos os servizos municipais, coa correspondente consignación orzamentaria. Deste proceso daráselle puntualmente e de forma rigorosa información aos grupos municipais.

O Pleno do Concello, por tres votos a favor do grupo municipal de Ourense en Común, dezasete votos en contra dos grupos municipais do Partido Popular e Democracia Ourensana, e cinco abstencións do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexeitou a emenda do grupo municipal de Ourense en Común.

O Pleno do Concello, por dezasete votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular e Democracia Ourensana, tres votos en contra do grupo municipal de Ourense en Común, e cinco abstencións do grupo municipal do PSdeG-PSOE, aprobou a moción coa incorporación da emenda do grupo municipal do Partido Popular.

8.3 Moción do grupo municipal de Democracia Ourensana solicitando a creación dunha mesa de negociación para a redacción dun Regulamento específico de organización e funcionamento do Corpo da Policía Local do Concello de Ourense.

Exposición de motivos:

ANTECEDENTES:



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 104 que unha Lei Orgánica determinará as funcións, os principios básicos de actuación e os estatutos das Forzas e Corpos de Seguridade. Esa lei desenvolveríase como a Lei Orgánica 2/1986 ,do 13 de Marzo, omnicompreensiva de todas as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, das Autonomías e dos Concellos. A pesares de pequenas modificacións posteriores segue a ser a lei de referencia no tocante a rexer todos os Corpos de Seguridade.

No caso concreto da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 4/ 2007, do 20 de Abril, desenrola as normas de coordinación das Policía Local de Galicia. Desenrólanse algúns aspectos máis concretos da lei a través do Decreto 243/2008.

O Regulamento que pretende impulsarse mediante a presente moción deberá ser coherente tamén, como é lóxico, ademais de coa normativa específica anterior, coas máis xerais Lei 7/2007 , de 12 de Abril , do Estatuto Básico do Empregado Público, e coa Lei 2/2015, de 29 de Abril, do Emprego Público de Galicia.

NECESIDADE DUN REGULAMENTO ESPECÍFICO PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE OURENSE:

Obviamente sen entrar en contradición ou conflito coas normas anteriores de máis alto rango xurídico, pero precisamente por esa razón de natureza máis abstracta, imponse a creación dun Regulamento Específico que desenvolva máis polo miúdo as esixencias en materias que son competencia da Policía Local no caso concreto do noso Concello de Ourense, coas súas particularidades específicas e coas necesidades e problemáticas que lle son propias ou mesmo en moitos casos exclusivas. Todo o cal pretende redundar nunha maior eficacia da labor policial e nunha maior calidade do servizo ao cidadán.

Esas particularidades específicas do noso Concello serán identificadas, a través da súa experiencia profesional, polos membros da mesa negociadora e tratarase de darlle resposta mediante o regulamento cuxa creación se propón nesta moción. Regulamentos semellantes existen xa en moitos concellos, con características que poden diferir máis ou menos do noso. De este xeito eliminaríase, tanto como sexa posible, a posibilidade de arbitrariedade nas condutas e nas decisións necesarias para dar resposta a situacións que pola súa especificidade non son previstas con suficiente detalle polas normas xerais, pero que constitúen na práctica unha parte importante das situacións reais que vive o Corpo de Policía Local na súa labor de cada día.

MEMBROS DA MESA DE NEGOCIACIÓN:

Entendemos que na mesa negociadora á que facemos referencia deberán figurar representantes de entidades que coñezan a realidade concreta tanto do Corpo da Policía Local como da dinámica social no noso concello. Concretamente, entendemos que debería estar representada a Xefatura do Corpo, os diferentes sindicatos de Policía Local, e os partidos políticos que forman parte da Corporación. Sen prexuízo de que calquera das partes da propia Mesa podía propoñer a presenza de outras persoas, profesionais, ou entidades que pola súa labor ou coñecementos podían aportar melloras á redacción do Regulamento.

Os aspectos concretos rexidos polo Regulamento deberán ser deseñados pola Mesa, pero aventurámonos a propoñer que, entre eles, regule co máximo detalle posible a Formación Permanente e a Promoción Horizontal dos axentes da Policía Local segundo os principios de igualdade, mérito e capacidade. Son aspectos importantes que, de xeito máis ou menos explícito, figuran como desexables nas leis xerais e de maior rango ás que facíamos referencia, e que redundarían na calidade do servizo ao cidadán.

Polo exposto o Grupo Municipal de Democracia Ourensana solicita ó Pleno para o seu debate e aprobación o seguinte acordo:

Que se constituía de xeito inmediato e antes de rematar este ano 2015, a mesa negociadora que redactará un Regulamento da policía local de Ourense para someter a aprobación de este Pleno antes de rematar o primeiro cuadrimestre do novo ano 2016.

Emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

No acordo da moción engadir o parágrafo en letra negra:

- Que se constituía de xeito inmediato e antes de rematar este ano 2015, a mesa negociadora **compuesta polo Goberno, as Xefaturas do corpo e os representantes sindicais**, que redactará un Regulamento da policía local de Ourense para someter a aprobación de este Pleno antes de rematar o primeiro cuadrimestre do novo ano 2016.

O Pleno do Concello, por vinte e dous votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular, Democracia Ourensana e PSdeG-PSOE e tres abstencións do grupo municipal de Ourense en Común, aprobou a moción coa redacción dada pola emenda.

8.4 Moción do grupo municipal de Democracia Ourensana para erradicar o absentismo laboral no Concello de Ourense.

Exposición de motivos:

En el anterior mandato, D.O. presentó una moción para implantar un sistema de fichaje de horarios de empleados, que fue aprobada en pleno, y que jamás se procedió a cumplirla, a pesar de existir en los presupuestos una partida para ello.

Esperemos que esta tomadura de pelo no se repita en este mandato.

Actualmente, no hay un sistema de control informatizado de horarios para los empleados del Concello de Ourense (excepto en el Pabellón de los Remedios). La pregunta es inevitable, si en el Pabellón se ha instalado porque es bueno, ¿por qué en los otros lugares no?.

En el Concello rondan los 800 empleados públicos (sin contar con los del Pabellón). Si la media de los empleados llega algo tarde por las mañana, se va un poco antes, y estira 30



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

minutos la hora del café, el coste total de este absentismo laboral se va a los 5 millones de euros anuales ("horas/año" por "nº empleados" por "coste hora/empleado").

La realidad es que a ciertas horas de la mañana, en la hora punta del café, es difícil hacer ciertos trámites porque el Concello está semivacío.

Por todo ello, sometemos a votación del pleno el siguiente acuerdo:

Propuesta:

Instalar un sistema de fichaje de entrada y salida de empleados, en la práctica totalidad de edificios municipales.

Emenda de adición presentada polo grupo municipal do Partido Popular:

EMENDA DE ADICIÓN:

TEXTO INICIAL:

1.- Instalar un sistema de fichaje de entrada y salida de empleados, en la práctica totalidad de edificios municipales.

ADICIÓN:

2.- Con carácter previo á instalación de dito sistema, procederase á aprobación dun Regulamento, consensado cos grupos políticos, de control de horario dos empregados públicos municipais. Así mesmo, designarase unha partida específica no vindeiro orzamento para a instalación do referido sistema de control.

NOVA REDACCIÓN FINAL:

1.- Instalar un sistema de fichaxe de entrada e saída de empregados, na práctica totalidade de edificios municipais.

2.- Con carácter previo á instalación de dito sistema, procederase á aprobación dun Regulamento, consensado cos grupos políticos, de control de horario dos empregados públicos municipais. Así mesmo, designarase unha partida específica no vindeiro orzamento para a instalación do referido sistema de control.

O Pleno do Concello, por dezasete votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular e Democracia Ouresana, tres votos en contra do grupo municipal de Ourense en Común, e cinco abstencións do grupo municipal do PSdeG-PSOE, aprobou a moción coa incorporación da emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular.

8.5 Moción do grupo municipal de Ourense en Común sobre a Banda de Música, xestión democrática e transparente.

O Pleno do Concello, por tres votos a favor do grupo municipal de Ourense en Común e vinte e un votos en contra dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Democracia Ourensana, rexeitou a seguinte moción:

Exposición de motivos:

Nesta intervención do grupo municipal de Ourense en Común en relación á nosa Banda Municipal de Música queremos partir do recoñecemento a esta institución centenaria con máis de 125 anos de historia na nosa cidade. Un recoñecemento que facemos extensible aos actuais membros da Banda polo seu traballo, adicación e esforzo, nomeadamente ao seu actual director Francisco Pérez Rodríguez.

O mundo das artes escénicas adoce, de xeito crónico, da ausencia dun criterio que permita obxectivizar standards de caché para as agrupacións musicais. Nin no mundo da clásica, nin no rock, nin no rap. Nin sequera o teatro ou o ballet gozan dun libro branco que nos permita saber se o diñeiro que cobra un grupo por actuación está axustado á súa calidade artística. Neste marco atópase a especial relación que as Bandas Municipais de Música ou as orquestras sinfónicas establecen coas respectivas administracións públicas. Así atopamos diferentes fórmulas que vencellan a agrupación e institución. A aposta de Ourense en Común é a creación do servizo municipal de Banda de Música. Estaría amparado pola Lei reguladora de bases de réxime local que recolle que os concellos teñen a posibilidade de levar a cabo a xestión da banda municipal de música como sección independente da Escola Municipal de Música a través dunha xestión directa sen personalidade xurídica diferenciada da administración titular do servizo, creando un establecemento público cun órgano especial de administración e cunha sección orzamentaria propia en aras de desconcentrar a xestión do servizo posibilitando que as resolucións que se diten dende o mesmo sexan revisables polos órganos municipais e de acordo co seu propio regulamento de organización e funcionamento.

O obxectivo dunha administración nunca debería ser o do empeoramento dun servizo prestado á cidadanía, nin sequera no ámbito da cultura. Polo tanto o labor dos grupos políticos con representación no pleno municipal é o de mellorar o funcionamento da institución en todos os seus ámbitos e velar pola xestión eficaz dos recursos públicos. Debemos ser ambiciosos e persistentes nesta tarefa. Estamos en disposición de mellorar o perfil profesional da Banda de Música e elevar aínda máis a súa excelencia artística para convertela en referente de toda Galicia.

Centrándonos na realidade particular da Banda de Música do Concello, é a nosa obriga a mellora dos standards de transparencia da asociación que lle dá acubillo no referente á publicidade e actualización dos estatutos polos que se rexe, onde deberán figurar uns obxectivos artísticos e de xestión. Asemade destes estatutos un informe anual de xestión deberá dar conta da actividade desenvolvida cada tempada, informe no que figuraría unha memoria das actuacións cuantificadas e uns indicadores de calidade das mesmas.

Neste plano de refundación da Banda como organismo municipal aparecería reforzado ademais o seu perfil pedagóxico aumentando as visitas ás escolas do concello, a realización



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

de concertos didácticos e a ampliación de repertorio para chegar a novos públicos especialmente á infancia.

Dende o punto de vista político, este grupo municipal desconfía do “mercado” como único ente regulador da oferta e demanda cultural e aposta, con todas as razóns que a historia da música ofrece para elo, por un papel activo das administracións públicas na difusión, conservación e dinamización da cultura en todas as súas facetas. Queremos remarcar, asimesmo, o papel compensatorio que a acción cultural promovida dende as institucións que debe estar encamiñada cara completar a oferta cultural a disposición da cidadanía a través da diversidade de estilos que lle permita formarse como espectadora crítica e esixente así como reforce a posibilidade da mesma de ter un papel activo na construción do legado cultural do futuro.

Entendemos a cultura como un dereito máis do que as nosas veciñas e veciños deben gozar. E non só iso se non tamén como unha potencialidade propia de Ourense, forza de desenvolvemento económico e social, fonte de emprego e de inclusión. Ourense é cidade de cultura e a Banda Municipal de Música forma parte da súa identidade. É responsabilidade de todas as representantes públicas, no goberno e na oposición, a conservación do seu legado e a socialización da súa labor. O seu futuro garántese a través do diálogo, onde todas as partes sexan escoitadas para acadar o consenso necesario que dea estabilidade ao seu funcionamento.

ACORDO:

Establecemento dunha mesa de traballo onde haxa representación de todos os Grupos Políticos Municipais, no marco do Consello Municipal da Cultura e aberta á participación cidadá, na que estaría representada a Asociación Ricardo Courtier, co obxectivo de elaborar un informe de funcionamento e proposta de mellora da Banda Municipal de Música.

8.6 Moción do grupo municipal de Ourense en Común sobre o conflito no Servizo de Axuda no Fogar.

O Pleno do Concello, por dez votos a favor dos grupos municipais de Democracia Ourensana e Ourense en Común, e quince votos en contra dos grupos municipais do Partido Popular e PSdeG-PSOE, rexeitou a seguinte moción:

Exposición de motivos:

PREÁMBULO:

O Servizo de Axuda no Fogar é unha prestación básica do Sistema Público de Servizos Sociais Municipais que, mediante unha serie de atencións preventivas, educativas, asistenciais e rehabilitadoras, ten o obxecto de promover, manter ou, no seu caso, restablecer a autonomía persoal de persoas que o necesitan para poder permanecer no seu domicilio.

É un recurso intermedio como o son tamén os centros de día e o servizo de teleasistencia domiciliaria, que se complementan para promover a autonomía persoal das persoas dependentes e apoiar aos seus cuidadores familiares.

Xustificado este Servizo polo informe de necesidade e amparado na lexislación vixente, nomeadamente a lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia. Nesta regúlase o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e iguais entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

No artigo 4 de dita lei 13/2008, establece os principios polos que se ten que rexer o Sistema Galego de Servizos Sociais e, de entre eles destacamos o principio¹ de autonomía persoal e vida independente e o respecto ao principio² de integración e normalización.

No artigo 20.1d da citada lei define o Servizo de Axuda no Fogar como un conxunto de actuacións dirixidas a persoas ou familias no seu domicilio particular para facilitar o seu propio desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual. O artigo 11.f establece que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar. Coa entrada en vigor a lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de Dependencia, onde establece no seu artigo 12 que “as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en

¹ “é obriga dos poderes públicos facilitar os medios necesarios para que as persoas dispoñan das condicións máis convenientes e dos apoios necesarios para desenvolver os seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen, segundo a natureza dos servizos, segundo a súa idoneidade e as condicións de utilización deles, e sempre co respecto á libre decisión das persoas”

² “ no desenvolvemento dos servizos sociais tenderase ó mantemento das persoas no seu entorno persoal, social e familiar, procurando a súa inserción social e sen menoscabo do dereito á diferenza.”

situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias coa lexislación vixente lles atribúe”

DIAGNOSE E XUSTIFICACIÓN

No Concello de Ourense o Servizo de Axuda no Fogar e a Atención á Dependencia leva varias décadas consolidado e adecuándose as lexislacións e requirimentos supramunicipais que se establece nas correspondentes normativas, sen embargo non deixa de estar exento de polémica e de xestións cuestionables, tanto a nivel de empresas adxudicatarias como a nivel de xestión política do Concello.

A mediados de 2014, nunha situación de grande controversia pública ábrese a Contratación, mediante procedemento aberto, do servizo. Publícase esta convocatoria o 30/05/2015 no BOP, o tipo de licitación fíxase por horas sendo os prezos máximos os seguintes:

Hora Ordinaria: 15,08 €(14,50 € máis 0,58 € de IVE)



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Hora Extraordinaria: 15,60 €(15,00 € máis 0,60 € de IVE).

Especificase que estas cantidades poderán ser melloradas á baixa cunha porcentaxe igual para as horas ordinarias e as extraordinarias.

Deste xeito, adxudícase dende o Concello de Ourense, o servizo de axuda a domicilio á empresa Limpiezas, Ajardinamientos y Servicios Seralia, S.A., por ser a oferta economicamente máis vantaxosa, sendo a máis barata, conforme a todos os criterios do prego. Establecendo en 13,50 € a hora ordinaria e 13,97 a hora extraordinaria.

Dende Ourense en Común e concordando coa representación das traballadoras, cremos que houbo unha mala xestión por parte do concello, contratando a unha empresa cunha evidente oferta en presunta baixa temeraria.

A oferta foi a todas luces insuficiente se nos paramos a analizar o acontecido dende o mesmo momento da concesión. A empresa Seralia incumpre, dende o inicio e sistematicamente o convenio laboral, despide a un coordinador e prepara un ERTE que afecta ao 40% do persoal. Todo isto, inmediatamente despois de asinar o contrato adxudicatario co Concello, no que entre outras cuestións comprométense a subrogar a plantilla da anterior empresa adxudicataria.

Ante estas situacións as traballadoras vense na obriga de facer unha demanda por conflito colectivo. Finalmente o ERTE desestímase pola autoridade laboral competente por falta de sustentabilidade, deixando claramente desautoizada a Seralia na súa política laboral. Lonxe de rematar aí os persistentes ataques da empresa Seralia, esta semana pasada somos testemuña de dous despidos e existe a ameaza doutros cinco nos próximos días. Estes despidos están sendo recorridos por improcedencia.

Estamos fronte a un incumprimento do prego de condicións no que se refire aos dereitos dos traballadores. Nomeadamente, o prego de cláusulas administrativas particulares, no artigo 243 de "obrigacións do contratista durante a execución do contrato" e o artigo 254 de "obrigacións laborais do contratista"

³ "b) Cumprir as disposicións vixentes, en materia laboral de seguridade social e de seguridade en hixiene no traballo, cuxa comprobación documental poderá esixirse en calquera momento durante a vixencia do contrato"

⁴ "O contratista está obrigado con respecto ao persoal que empregue, ao cumprimento das disposicións legais vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de Seguridade e Hixiene no traballo, de Prevención de Riscos Laborais"

En consecuencia, tras esta situación, cunha empresa que se amosou incapaz de realizar o traballo con garantías, e tras o conflito laboral persistente, as deficiencias no servizo son máis que notables, con seguimentos deficientes das usuarias e Incumpríndose ratios de profesionais.

EPÍLOGO: Responsabilidade Subsidiaria do Concello

Entendemos que o responsable fundamental desta situación é a empresa Seralia, pero tamén é verdade que existe unha responsabilidade subsidiaria da administración responsable da xestión dos servizos de Axuda no Fogar e Atención a Dependencia, neste caso o Concello de Ourense.

Ata o momento, as interlocucións e as mediacións do Concello entre traballadoras e empresa son insuficientes. De aí que na pasada semana, as traballadoras solicitaran ser recibidas no concello outra vez.

É urxente facer unha investigación sobre a eficiencia do servizo, comprobar que se cumpren as ratios, a satisfacción das usuarias e que non queda ningunha labor sen executar.

Antes da próxima convocatoria de contratación, estudar a posibilidade da remunicipalización dun servizo que afecta á parte máis vulnerable da nosa veciñanza, na que a lóxica mercantilista non deixa de demostrar que antepón os beneficios económicos, a unha xestión de calidade e ao respecto dos dereitos laborais.

Nas futuras convocatorias para a contratación ter especial coidado en evitar plicas que favorezan ofertas en baixa temeraria.

ACORDOS:

1. - Creación dunha comisión de investigación para o estudo de todos os contratos do Concello de Ourense coa empresa Limpiezas, Ajardinamientos y Servicios Seralia, S.A, o cumprimento dos mesmos e a eficiencia da xestión.
- 2.- Estudo da remunicipalización do servizo ou da conveniencia da creación dunha empresa mixta publico-privada onde impere a finalidade social antes que obxectivos mercantilistas.
- 3.- En futuros concursos, valorar cunha maior porcentaxe o programa de traballo e aumentar a plica das ofertas económicas, que na actualidade deixa nun máximo de 8 puntos da baixa media.

8.7 Moción do grupo municipal de Ourense en Común para a constitución dun Consello Cidadán de Participación para a revisión, actualización e aplicación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Ourense.

O Pleno do Concello, por dezasete votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Ourense en Común, e sete abstencións do grupo municipal de Democracia Ourenzana, aprobou a seguinte moción:

PREÁMBULO:



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Cada día as persoas tomamos decisións das que depende a nosa vida: no persoal, no social, no laboral... En que momento se nos fixo crer que non podíamos elixir tamén no político? A democracia real non é o voto illado cada catro anos, senón o reto de poñernos de acordo no que importa a diario.

A participación cidadá na toma de decisión é a única maneira de construír unha sociedade democrática na que a cidadanía poida articular o dobre momento da creación e recepción do dereito a través do recoñecemento da relación interna que existe entre autonomía pública e privada, que se expresa nunha comprensión da lexitimidade da soberanía popular. É por isto que a participación é un dos eixos fundamentais da actividade de OUeC. Esta permite construír unha estrutura de traballo en rede, na que a horizontalidade vertebra o ideal colectivo de inclusión baixo o que se suman as diferenzas individuais. A participación debe articularse como un procedemento que sexa capaz de dar cabida ás distintas posibilidades individuais e colectivas, de xeito que toda persoa afectada por aquilo que se constrúe no seu contexto poida participar na súa execución.

Para OUeC o concepto de participación cidadá debe ser o eixo sobre o que se asente a política local, a máis próxima á veciñanza e na que esta ten maior capacidade de acción. Xa que logo é necesario crear o espazo, as ferramentas e unha folla de ruta ben definida para implementar este dereito que todos os grupos municipais da presente corporación referendan nos seus programas electorais.

DIAGNOSE E XUSTIFICACIÓN

O Concello de Ourense conta na actualidade cun Regulamento de Participación Cidadá, aprobado inicialmente en sesión plenaria o 07/06/2006. Un Regulamento que como reza no seu articulado inicial (Título 1, Art. 1) “(...) *ten por obxecto a regulación dos medios, formas e procedementos de participación dos veciños do municipio de Ourense na xestión municipal, no seu papel de instrumento esencial para o desenvolvemento de políticas de proximidade e participación, así como a regulación do funcionamento das entidades cidadáns do mesmo, conforme ao previsto pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local. (...)*”

Neste mesmo regulamento recoñécese o dereito das veciñas de Ourense, nos termos que recoñecen as leis, ordenanzas e regulamentos, a:

- a) Ser elector e elixible de acordo co disposto na lexislación electoral.
- b) Participar na xestión municipal.
- c) Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, así como o goce do patrimonio público local.

Varios son os acontecementos que, dende a investidura da actual corporación no pasado mes de xuño de 2015, amosan que este Regulamento non está sendo aplicado e incluso directamente incumplido. Así é que nunca convidouse a participar nos plenos a

colectivos afectados polas mocións debatidas como se recolle no Artigo 5 deste documento marco. Un proceder que tería permitido expresar o malestar e inxedanzas da veciñanza no contexto correcto. Asemade en todas as Xuntas de Área nas que se solicitou a participación de representantes cidadás como recolle o Artigo 8 Punto 2 do regulamento, amosouse unha preocupante preguiza, cando non directamente bloqueo como no acontecido coa solicitude da Federación Limiar para participar na Xunta de Área de Promoción Económica. Incumprindo entre outros o Artigo 14 de Participación dos veciños e asociacións: Tódolos veciños teñen dereito a intervir directamente ou a través das súas asociacións na xestión dos asuntos públicos mediante a súa participación nos distintos órganos municipais, de acordo co procedemento establecido nas presentes normas.

Alén dos incumprimentos anteriores, e outros recollidos no Anexo 1, é necesario actualizar, visibilizar e implementar accións de pedagogía participativa para que a filosofía do documento chegue de modo permeable a sociedade. É necesario tamén actualizar o rexistro de entidades cidadáns integrando a todos os activos do municipio, inserindo a todo tipo de colectivos para garantir o exercicio dos seus dereitos e non limitalo en exclusiva ás asociacións de veciñas como de facto acontece na actualidade.

EPÍLOGO: Participar e ser participes

É por todo o anterior, pola diagnose realizada na que se detectan serias deficiencias e problemas de interpretación sobre o documento existente necesarias de resolución, que dende Ourense en Común solicitamos a creación urxente dun Consello Cidadán de Participación cuxo regulamento, estatutos, etc., fundamentado noutros Consellos Municipais xa activos (Cultura, Consello Social), sexan definidos a posteriori.

Este novo órgano proposto responde ao Artigo 3º, Título 1º, do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Ourense que recolle como “Ademais dos órganos de participación establecidos neste regulamento, o Alcalde, poderá crear comités de planificación participativa de apoio aos órganos municipais de goberno, así como consellos de participación cidadá (...)”.

Dende o Grupo Municipal Ourense en Común entendemos que a conformación dun Consello Cidadán de Participación debe estar integrada tanto con técnicos municipais, nomeadamente persoal responsable das Oficinas de Información e Atención ao Cidadán, como con persoal especializado e de apoio que será convocado para cada actuación. Asemade deberá ter representación de todos os grupos municipais pero tamén sociais.

A organización deste Consello Cidadán de Participación procurará unha organización estruturada en rede, que permita a participación horizontal de toda a cidadanía, con especial atención á recollida de propostas nos distintos barrios do Concello de Ourense. A súa función tenderá cara un valor orgánico de preparación e coordinación para recoller as propostas que xurdan dos distintos actores sociais. Este Consello deberá ter carácter consultivo pero tamén a posibilidade de elevar as súas



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

propostas ao equipo de goberno para que estas sexan executadas atendendo sempre a legalidade, xa que logo contarán co consenso ou no seu defecto co apoio maioritario dos grupos municipais. Referendados ademais polos diversos colectivos participantes.

A constitución dun Consello Cidadán de Participación para a revisión, actualización e aplicación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Ourense non pode supoñer un novo gasto para a corporación. Os técnicos municipais que asistan farano en horario laboral como parte das súas funcións, mantendo a súa retribución ordinaria. De igual modo os representantes dos diferentes grupos municipais non recibirán compensación algunha pola súa asistencia.

ANEXO 1:

1.1. Lexislación e documentación citada na moción:

- Regulamento orgánico de participación cidadá no Concello de Ourense
- Regulamento do Consello Social do Concello de Ourense
- Lei 7/1985, de 2 de abril (Artigo 123.1)
- Lei 57/2003, de 16 decembro
- Real Decreto 2568/1986, de 28 novembro (Artigo 132)

1.2. Outros artigos do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá no Concello de Ourense que demostran que non hai unha vontade clara de que a participación cidadá sexa un elemento estratéxico na toma de decisións do goberno local:

- Artigo 1.3: excesiva dependencia da vontade do Alcalde.
- Artigo 4.4: a información debe ser en todo momento pública e isto non debe depender das solicitudes puntuais da veciñanza.
- Artigo 8.2: revisión da potestade da federación de veciños para elixir ao representante veciñal nas Xuntas de Área. Establecer o necesario carácter rotatorio destes representantes, con atención a criterios de paridade, igualdade, etc.
- Artigo 19.1: revisión do carácter privado das Xuntas de Goberno Local.
- Artigo 22: establecer a obriga e periodicidade das consultas veciñais.

1.3. Propostas para mellorar a participación cidadá no resto de grupos municipais do Concello de Ourense:

- Proposta 107 do programa do Partido Popular: Mellora da participación cidadá.
- Propostas 11, 13, 14, 20, 21 e 23 do programa do Partido Socialista.
- Proposta de D.O.: orzamentos participativos.

ACORDOS:

1. Constitución do Consello Cidadán de Participación

8.8 Moción do grupo municipal do Partido Socialista sobre o acometemento das actuacións necesarias para a continuidade do paseo na marxe do río Barbaña nas

proximidades das Burgas detrás da antiga cárcere, entre A Molinera e a Ponte Irmáns Xesta.

O Pleno do Concello, por unanimidade, aprobou a seguinte moción:

Exposición de motivos:

1º.- Recentemente dábase conta dende a Alcaldía do inminente inicio das labores de limpeza das marxes do río Barbaña ao seu paso pola cidade, dando continuidade a outros traballos de desbroce nas ribeiras dos ríos Miño e Lonia.

2º.- Estes traballos víñanse realizando ao amparo dos acordos de colaboración da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Ourense, sendo suspendida dita colaboración na pasada lexislatura, sen que a corporación anterior nin os cidadáns de Ourense contasen cunha explicación razoable.

3º.- A cooperación entre o Concello de Ourense e a Confederación Hidrográfica permitiu aos cidadáns de Ourense dispoñer de máis de 20 Km de paseos peonís ao longo dos ríos Miño, Barbaña, Barbañica e Lonia, recuperando o seu entorno natural. É constatable a coordinación entre ambas institucións na construción dunha pasarela en Oira sobre o río Miño que en 2010 pechou un circuíto verde que percorre a noso concello.

4º.- Atopámonos, sen embargo, que no tramo comprendido entre a ponte da Rúa Irmáns Xesta nas proximidades das Burgas e o espazo verde de “La Molinera”, nas traseiras do antigo cárcere, está suspendido este corredor. Nestes aproximadamente 200 metros os viandantes vense obrigados a incorporarse á zona urbana de Ourense, tendo que desistir da práctica deportiva ou de lecer que estaban a realizar.

5º.- Á análise feita engadímoslle o mal estado das marxes do río nese punto, así como as comprobables condicións de insalubridade e inseguridade da zona, xerando una imaxe deplorable de Ourense nun dos lugares máis emblemáticos da nosa cidade.

Por todo isto e á vista da vontade de colaboración que neste intre sí parece ter a Confederación Hidrográfica Miño-Sil co Concello de Ourense, instamos que se adopte o seguinte **ACORDO**:

- 1.** Que o Goberno municipal adopte as medidas oportunas para continuar o paseo das marxes do río Barbaña no tramo que transcorre nas proximidades das Burgas por detrás do antigo cárcere, entre La Molinera e a ponte Irmáns Xesta.

8.9 Moción do grupo municipal Socialista sobre o deterioro da sanidade pública en Ourense.

O Pleno do Concello, por doce votos a favor dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Democracia Ourensana, dez votos en contra do grupo municipal do Partido



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Popular, e tres abstencións do grupo municipal de Ourense en Común, aprobou a seguinte moción:

Exposición de motivos:

A situación da asistencia sanitaria en Ourense vén degradándose perante os últimos anos a causa dos sistemáticos recortes que os gobernos de conservadores de España e Galicia veñen aplicando á sanidade pública e ás políticas de xestión mediante as que materializan na práctica eses recortes en centros e servizos sanitarios.

A presenza continuada nos medios de comunicación de persoas descontentas coas demoras na asistencia e mesmo a falta dela, así como as reivindicacións permanentes de asociacións de cidadáns comprometidos coa sanidade pública e dos representantes sindicais dos traballadores sanitarios, e as denuncias institucionais e públicas dos profesionais evidencian o deterioro do sistema público de saúde. Así o atestigua tamén o debate constante no Parlamento de Galicia, proba de forma reiterada e alarmante as enquisas oficiais do CIS.

Esta situación de deterioro vén de acadar no presente ano e en Ourense niveis alarmantes e posiblemente irreversibles, co peche de camas, os problemas estruturais do CHUO – especialmente no edificio do Hospital Santa María Nai-, a privatización e exposición ó negocio de actividades que ate o de agora eran internas, a derivación de servizos e prestacións a outros hospitais e Áreas de Xestión, o retraso da construción e posta en marcha efectiva de novos equipamentos, e sobre todo **a insostible falta de profesionais provocada polos recortes e pola non reposición**, que é motivo da denuncia reiterada das condicións de inseguridade no desenvolvemento do seu traballo e da correcta asistencia ós pacientes.

Finalmente, a falla de transparencia e a desinformación propiciadas polos responsables políticos da Sanidade en Galicia, e polos seus xestores locais do SERGAS, agrava esta situación que afecta a todos os habitantes da provincia de Ourense, pero significativamente ós da cidade, mesmo porque en termos numéricos son un terzo do total. Cidadáns, en todo caso, que teñan dereito a que a súa Administración de Proximidade que é o Concello representado polo Goberno Municipal, se interese por resolver unha situación como esta, que pon en risco o dereito a unha sanidade pública gratuíta, universal e de calidade, un dos piares básicos da igualdade e do benestar social.

O actual Alcalde da cidade, don Xesús Vázquez, vén amosando –cando menos nas súas reiteradas declaracións públicas nos medios de comunicación- a súa intención e compromiso de recabar das Institucións e Administracións Públicas de España e de Galicia en relación ás actuacións que afecten ós intereses e á calidade de vida dos veciños e da sociedade ourensá, a máxima cooperación e, daquela, as medidas políticas e decisións de goberno que poidan garantilas.

Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presenta ó Pleno para debate e aprobación os seguintes **ACORDOS**:

1. Constituir unha Comisión Municipal de Seguimento da Calidade da Asistencia Sanitaria en Ourense.
2. Facer as xestións necesarias diante das Administracións estatal e galega para garantir a calidade da asistencia sanitaria ós veciños de Ourense.
3. Desenvolver e concretar mecanismos de participación dos cidadáns no seguimento da Calidade da Asistencia Sanitaria.
4. A fin de facer un correcto seguimento das inversións municipais en forma de xestión e cesión de solo ó SERGAS para equipamento sanitario na cidade:
 - *Recabar da Consellería de Sanidade as Memorias de Actividade dos Centros Sanitarios do SERGAS en Ourense correspondentes ós 6 últimos anos.*
 - *Recabar da Consellería de Sanidade os Contratos de Xestión dos Centros Sanitarios do SERGAS en Ourense, especialmente os correspondentes á Área Sanitaria de Ourense e á Área de Xestión Integrada de Ourense dos dous últimos anos.*
 - *Recabar da Consellería de Sanidade o Plan de Inversións e Obxectivos asistenciais correspondentes ós dous últimos anos.*

En Ourense, a 16 de setembro de 2015
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Fdo.: Luís María Bermúdez de la Puente Villalba